

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE XULLO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 4 de xullo de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase denegar a licenza municipal de instalación, apertura e funcionamento e a licenza de obras de estación de servizo en “As Regas”, estrada N-640, P.K. 89,6 A Fervedeira.

Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de vehículos automóbiles nas ramas de mecánica, electricidade, electrónica e pneumáticos na rúa do Franco, número 28-baixo dereita.

Tamen se acorda denegar as seguintes licenzas municipais de instalación, apertura e funcionamento: dun establecemento de xestión de vehículos ao final da súa vida útil nas Regas, 12 - San Salvador de Muxa, A Campiña; e dun xestor de residuos en Santa Eufemia, número 18 - San Pedro de Calde.

Tomouse razón da sentenza ditada no recurso contencioso-administrativo número 495/2004, interposto contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra o acordo da Comisión de Goberno de 18 de decembro de 2003, polo que se concedeu licenza de obras e de instalación da actividade da ampliación do cemiterio parroquial de San Vicente de Coeo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase rectificar o erro padecido no acordo número 4/127, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 29 de febreiro de 2012, polo que se concedeu a licenza de obra número 246/2012, para baleirado interior do edificio, por perigo de derrubamento de elementos estruturais, na rúa Bolaño Rivadeneira, número 12.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para o período que vai dende o 1 de maio de 2012 ata o 30 de abril de 2013 do contrato administrativo correspondente á prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de “As Pedreiras” e outras instalacións deportivas municipais.

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente ao Servizo de Atención Telefónica aos Cidadáns (010) no Concello de Lugo, polo prazo máximo de seis meses ou ben prazo inferior ata a adxudicación do novo contrato, contado con efectos retroactivos dende o 1 de xullo de 2012.

Así mesmo, acórdase aprobar a prórroga polo prazo dun ano contado dende o 30 de xullo de 2012 do contrato correspondente ao servizo de atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais das Casas das Linguas, sitas na estrada da Granxa e Piringalla.

Acórdase a resolución do contrato privado de alugamento de vivenda sita na rúa Serra de Meira, número 68-baixo.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, do gasto, e a adxudicación por procedemento aberto, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación dun servizo de mantemento do equipamento informático dos postos de traballo do Concello de Lugo.

Igualmente, acórdase aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto, e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación dun servizo de telefonía móbil, fixa e conexións de datos do Concello de Lugo.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e a adxudicación por procedemento aberto, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da

prestación integral das actividades de animación socioculturais para desenvolver pola Área de Xuventude (programas Previlugo, Asesorías Xuvenís e Arde Lucus).

Acórdase aprobar a modificación substancial do proxecto “Muralla Digital”, a sinatura da Carta de Compromiso do Concello de Lugo, así como a sinatura do acordo entre os beneficiarios do proxecto e a Addenda ao Acordo coa autoridade de xestión para a súa remisión ao secretariado técnico conxunto do POCTEP, e a modificación da dotación financeira necesaria para o financiamento do proxecto “Muralla Digital” durante os exercicios 2012 e 2013.

4. FACENDA LOCAL.- Acordase revolver o recurso de reposición interposto contra a liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 4 de abril de 2012, xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, pola licenza para parcelamento da parcela matriz 10, polígono 539, sita en solo rústico en Santa Comba (San Pedro), por importe total de 344,76 €.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adoptáronse os seguintes acordos:

- Deixar sen efecto e proceder ao arquivo do expediente incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello para a resolución do contrato do lote 3, relativo ao material de oficina non inventariable, dentro do expediente de subministración de diversos consumibles de papelería.

- A formulación de requirimento previo contra a resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se desiste parcialmente do convenio de colaboración entre a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para a realización de obras de infraestrutura viaria no termo municipal de Lugo (Paradai).

Lugo, 12 de xullo de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García